Desistidas	10	Non cobertura de vacantes da estrutura básica dos postos do sector de caixas con persoal da estrutura variable	861	12
		Nulidade nota interior 09/06 e modificación substancial das condicións de traballo		
		Nulidade das modificacións das condicións de traballo		
		Modificación das condicións de traballo		
		Convocatoria concurso provisión de prazas		
		Conflito		
		Modificación substancial das condicións de traballo		
Outros motivos				
TOTAL	103		28.130	159

GE1- Traballadores afectados nas conciliacións individuais e colectivas, segundo expedientes tramitados nas delegacións provinciais e na Dirección Xeral de Relacións Laborais. Evolución 2003-2006.





B.
Elecciones
Sindicaís

Eleccións sindicais

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística é coñecer de forma detallada os resultados das eleccións sindicais en Galicia.

Con esta finalidade, faise un estudo pormenorizado mediante a explotación estatística dos resultados electorais correspondentes ao ano 2006 e a progresión dos resultados, tendo en conta os tres anos anteriores, desde o 1 de xaneiro do ano 2003 ao 31 de decembro do ano 2006 .

As principais disposicións legais en canto a esta materia están recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinacións das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas (BOE 17.06.87).

Lei orgánica 14/1994, do 19 de maio, pola que se inclúe unha disposición adicional cuarta na Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical (BOE 20.05.94).

Lei 18/1994, do 30 de xuño, pola que se modifica a normativa de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo das administracións públicas da Lei 9/ 1987, do 12 de xuño, modificada pola Lei 7/1990, do 19 de xullo (BOE 1.07.94).

Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa (BOE 13.09.94).

Real decreto 1846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado (BOE 13.09.94).

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 29.03.95).

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións de servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG do 19.10.82).

A fonte de información son as actas de eleccións sindicais depositadas e rexistradas nas oficinas públicas de rexistro, depósito e publicidade das catro provincias desta comunidade autónoma, así como dos distintos actos administrativos que implica o proceso electoral e que, mensualmente, nos achegan as delegacións provinciais da Consellería de Traballo para a elaboración definitiva da estatística correspondente.

No tratamento estatístico tomamos como unidades de poboación as empresas e os traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia, computando os resultados coa referencia da data do rexistro das actas.

No referente ás variables utilizadas cómpre facer as seguintes definicións aclaratorias:

- Os avisos previos presentados son o conxunto de comunicacións recibidas nas oficinas públicas de rexistro, nas que os promotores informan do seu propósito de celebrar eleccións, cun prazo mínimo dun mes de antelación ao inicio do proceso electoral.

Esta comunicación debe indicar con precisión:

- a) A empresa e o centro de traballo que quere celebrar o proceso electoral.
- b) A data de inicio do dito proceso.

- As actas depositadas son as actas levantadas como resultado do escrutinio do proceso electoral que, consonte modelo oficial, recollen o resultado xeral da votación e son enviadas ás correspondentes oficinas públicas de rexistro co fin de que,

segundo o procedemento establecido no artigo 75.7 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, e no artigo 26 do Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións a órganos de representación de traballadores na empresa, se proceda, de ser o caso, ao seu oportuno rexistro.

- As actas rexistradas son as actas efectivamente rexistradas nas oficinas públicas de rexistro.

- Representantes elixidos:

- a) Nas eleccións para delegados de persoal, ao tratarse de listas abertas, outórganse os postos a aqueles candidatos que obteñen maior número de votos válidos.
- b) En eleccións de comité de empresa, en primeiro lugar, descártanse aquelas candidaturas que non obtivesen, polo menos, o 5% de votos válidos e, en segundo lugar, outórgaselle a cada candidatura o número de representantes que obtivo, dividindo o número de votos polo total de postos para cubrir.

- Os traballadores afectados son o total de traballadores recollidos no censo electoral como electores.

- Os traballadores participantes son o conxunto de traballadores que participan no proceso electoral exercendo o seu dereito a votar.

- Representatividade sindical. Para ter a maior representatividade sindical no ámbito autonómico os sindicatos da comunidade autónoma teñen:

1º- Que acadar no dito ámbito unha audiencia electoral de, polo menos, o 15% dos delegados de persoal dos membros dos comités de empresa e dos órganos de representación unitaria nas administracións públicas.

2º- Que todos os representantes do sindicato que se computan para os efectos da audiencia electoral citada anteriormente sumen un mínimo de 1.500.

3º- Que non estean federados ou confederados con organizacións sindicais de ámbito estatal.

Así mesmo, son máis representativos os sindicatos ou entes sindicais que estean afiliados, federados ou confederados a unha organización sindical de ámbito de comunidade autónoma que teña a consideración de máis representativa, por superar os tres requisitos anteriormente expostos.

Variables de estudo

Avisos previos, actas depositadas, actas rexistradas, representantes elixidos segundo as actas rexistradas e impugnacións presentadas nas oficinas públicas de rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia.


Variables de clasificación

Ámbito territorial provincial, número de representantes sindicais, votos emitidos, períodos, avisos previos presentados, total actas, traballadores, sexo, organizacións sindicais, participación electoral, delegados obtidos, porcentaxes de representación, impugnacións, desestimacións e laudos ditados.

B1- Distribución provincial dos avisos previos, actas depositadas, actas rexistradas, representantes elixidos segundo as actas rexistradas e porcentaxe dos representantes elixidos, desde o 1 de xaneiro de 2006 ao 31 de decembro de 2006, sobre o total de representantes con mandato nese período.

Provincia	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas depositadas	Nº de actas rexistradas	Representantes elixidos	Porcentaxe de representantes elixidos sobre o total %
A Coruña	718	10	403	1010	34
Lugo	260	6	163	305	10
Ourense	337	0	196	422	14
Pontevedra	917	88	569	1263	42
Totais	2232	104	1331	3000	100

G1- Distribución porcentual dos representantes elixidos, segundo o ámbito territorial provincial




B2.- Distribución provincial da participación electoral, desde o 1 de xaneiro de 2006 ao 31 de decembro de 2006

Provincia	Traballadores afectados		Traballadores participantes		porcentaxe de participación por provincias % (3)
	Nº	% (1)	Nº	% (2)	
A Coruña	29904	32,90%	13279	21,37%	44,41%
Lugo	9118	10,03%	7344	11,82%	80,54%
Ourense	10298	11,33%	8371	13,47%	81,29%
Pontevedra	41560	45,73%	33142	53,34%	79,74%
TOTAIS	90880	100,00%	62136	100,00%	68,37%

- (1) Porcentaxe de traballadores afectados en relación co total
 (2) Porcentaxe de traballadores participantes en relación co total
 (3) Porcentaxe de participación por provincias


G2- Participación electoral. Ano 2006



B3- Representantes elixidos sobre as actas rexistradas no ano 2006

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL	%
CC.OO.	297	108	95	304	804	26,80
CIG	272	64	109	444	889	29,63
UXT	272	89	144	350	855	28,50
Outros	169	44	74	165	452	15,07
Totais	1010	305	422	1263	3000	100,00

G3- Taxa de representatividade. Ano 2006




B4- Impugnacións, desestimacións e laudos no ano 2006


Provincias	Impugnacións presentadas	Desestimacións	Laudos ditados	Impugnacións pendentes
A Coruña	72	2	51	3
Lugo	37	6	30	0
Ourense	15	0	14	0
Pontevedra	108	11	75	6
Totais	232	19	170	9

B5- Distribución provincial dos avisos previos, actas depositadas e actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006.

Provincia	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas depositadas	Nº de actas rexistradas	Total actas
A Coruña	3.804	209	2.893	3.102
Lugo	1.298	81	1.069	1.150
Ourense	1.063	0	911	911
Pontevedra	4.171	267	3.223	3.490
Totais	10.336	557	8.096	8.653

GE2- Distribución provincial dos avisos previos presentados


GE3- Distribución provincial do total das actas



B6- Distribución provincial do número de actas rexistradas segundo o tamaño do centro de traballo, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006.

	Ata 30 trab.	De31-49 trab.	50-100 trab.	101-250 trab.	251-500 trab.	501-750 trab.	751-1000 trab.	1001-5000 trab.	> de 5000 trab.	TOTAL
A Coruña	2009	373	274	160	36	17	6	16	2	2893
Lugo	847	99	66	37	8	5	0	6	1	1069
Ourense	678	94	79	40	10	5	2	3	0	911
Pontevedra	2342	395	288	139	37	9	4	6	3	3223
Total	5876	961	707	376	91	36	12	31	6	8096


GE4- Empresas segundo o número de traballadores




B7- Características dos votos emitidos, no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006.

	Válidos	Nulos	En branco	Total votos	%
A Coruña	103257	896	5340	109493	38,153
Lugo	32184	278	1175	33637	11,721
Ourense	29536	254	1130	30920	10,774
Pontevedra	107330	775	4830	112935	39,352
Total Galicia	272307	2203	12475	286985	100

GE5- Características dos votos a nivel provincial



GE6- Características dos votos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia



B8- Listaxes de organizacións sindicais e profesionais con representación a nivel provincial e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión do número de representantes obtidos, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de xaneiro de 2006.

A Coruña

Código	Organizacións	Nº de representantes
14	UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)	2483
11	COMISIONS OBREIRAS (CC.OO)	2085
2	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	1785
15	UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)	144
820504	FEDER. DE TRAB. INDEP. COMERCIO (FETICO)	142
98	GRUPO DE TRABALLADORES	121
4	CENTRAL SINDICAL INDEPENDENTE E DE FUNCIONARIOS (CSI-CSIF)	97
720293	UNIÓN SINDICAL DE TRABALLADORES DE GALICIA (USTG)	65
720290	CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES (CUT)	48
39	FED. DE ASOC. SINDIC. GRANDES ALMACENS (FASGA)	45
820498	FEDER. DE SIND. INDEP. ENSEÑANZA (FSIE)	32
821041	CONVERGENCIA ESTATAL DE MÉDICOS Y ATS (CEMSATSE)	16
1	CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO (CGT)	15
821101	SINDICATO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA (SAE)	10
821320	CONFED.SINDICAT. INDEPEND.CAJAS DE AHORRO (C.S.I.C.A.)	8
20	CONFEDER. DE TRABAJ. INDEPEND. (CTI)	7
821106	SINDICATO INDEPENDIENTE ENSEÑANZA (ANPE)	5
720295	SIND. IND. DE TRAB. DE AUTOP E AUTOEST. (SITA)	4
50057	SIND.DE TRABALLAD.DO ENSINO DE GALICIA (STEs-STEG)	4
3	CONFEDERACIÓN DE CUADROS (CC)	3
720298	UNIÓN SINDICAL DE DISTRITOS FORESTALS (USDF)	3
821749	UNIÓN NAC. DE FUNC. DE GESTIÓN HACIENDA (GESTHA)	3
821773	SIND. DE TRAB. DE COMUNICACIONES (STC)	3
821778	SINDICATOS DE LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (SAP)	3
820617	S.TRIPULANT. DE CABINA DE PASAJ. LÍNEAS AÉR.(SITCPLA)	3
390014	SINDICATO PROFESIONAL DE SEGUROS (SPS)	2
720286	ASOC. PROF. DE PERSONAL DEL CONCELLO DE FERROL	2
720296	GRUPO INDEPENDIENTE DE FUNCIONARIOS (GIF)	2
720297	ASOC. PROFES. DE POLICÍA LOCAL DE ARTEIXO (APPLA)	2
820445	CONFED. ESTATAL SINDICATOS MÉDICOS (CESM)	2
820564	SIND. DE ATS DE ESPAÑA (SATSE)	2
820588	SIND. ESPAÑOL MAQUIN. Y AYD. FERROV. (SEMAF)	2
821308	SIND. PROF. LIBRE E INDEP. (APLI)	2
88	NON CONSTA	1

(continúa) →

A Coruña (continuación)

Código	Organizaciones	Nº de representantes
720284	COORD. DEMOCRAT. INDEPEND. DE LABORAIS (CDIL)	1
820189	ASOC. SIND. ESPEC. TÉC. MANT. AERONÁUTICA (ASETMA)	1
820555	SIND. AUTON. TRAB. BANCO DE ESPAÑA (SATBE)	1
821113	COORD. ESTATAL DE TRAB. DEL MAR (CTM)	1
821605	UNIÓN TELEFÓNICA SINDICAL (UTS)	1
821623	SINDICATO DE CIRCULACIÓN FERROVIARIA (SCF)	1
821706	FEDERAC. SINDICATOS AERONÁUTICOS INDEPEN. (FSAI)	1
821752	SIND. INDEP. DE EMP. DE "GENERALI ESPAÑA" (SIEGE)	1
821792	SIND. DE BOMBEROS DE AEROPUERTOS (SBA)	1
30006	ASOCIACION CUADROS GRUPO CAJA MADRID (A.C.C.A.M.)	1
Totais		7161

Lugo

Código	Organizacións	Nº de representantes
11	COMISIONS OBREIRAS (CC.OO)	705
14	UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)	693
2	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	371
15	UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)	94
4	CENTRAL SINDICAL INDEP. E DE FUNCION. (CSI-CSIF)	67
720293	UNIÓN SINDICAL TRABALLADORES DE GALICIA (USTG)	26
98	GRUPO DE TRABALLADORES	25
820504	FEDER. DE TRAB. INDEP. COMERCIO (FETICO)	22
820498	FEDER. DE SIND. INDEP. ENSEÑANZA (FSIE)	13
100	OUTROS	11
821041	CONVERGENCIA ESTATAL DE MÉDICOS Y ATS (CEMSATSE)	9
821101	SINDICATO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA (SAE)	6
820526	FED. INDEP. TRAB. DEL CRÉDITO (FITC)	5
821106	SINDICATO INDEPENDIENTE ENSEÑANZA (ANPE)	5
1	CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO (CGT)	3
821320	CONF. SINDICATOS INDEP. CAJAS DE AHORROS (CSICA)	3
50057	SIND. DE TRAB. DO ENSINO DE GALICIA (STEs-STEG)	3
821778	SINDICATOS DE LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (SAP)	3
3	CONFEDERACIÓN DE CUADROS (CC)	2
821605	UNIÓN TELEFÓNICA SINDICAL (UTS)	2
20	CONFEDER. DE TRAB. INDEPEND. (CTI)	1
99	NON SINDICADOS	1
700489	SINDICATO INDEPENDIENTE FERROVIARIO (SIF)	1
820588	SIND. ESPAÑOL MAQIN. Y AYD. FERROV. (SEMAF)	1
821749	UNIÓN NAC. DE FUNC. DE GESTIÓN DE HACIENDA (GESTHA)	1
821750	SIND. DE TRAB. DE EMPRES. DE LA COMUNIC. (SITEC)	1
Totais		2074

Ourense

Código	Organizacións	Nº de representantes
14	UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)	667
11	COMISIÓNS OBREIRAS (CC.OO)	546
2	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	436
98	GRUPO DE TRABALLADORES	130
4	CENTRAL SINDICAL INDEP. E DE FUNCION. (CSI-CSIF)	68
15	UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)	51
820498	FEDER. DE SIND. INDEP. ENSEÑANZA (FSIE)	34
820504	FEDER. DE TRAB. INDEP. COMERCIO (FETICO)	27
821041	CONVERGENCIA ESTATAL DE MÉDICOS Y ATS (CEMSATSE)	8
720293	UNIÓN SINDICAL TRABALLADORES DE GALICIA (USTG)	5
821101	SINDICATO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA (SAE)	4
821106	SINDICATO INDEPENDIENTE ENSEÑANZA (ANPE)	4
1	CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO (CGT)	4
7725	SINDICATO FERROVIARIO	3
50057	SIND. DE TRAB. DO ENSINO DE GALICIA (STES-STEG)	3
3	CONFEDERACIÓN DE CUADROS (CC)	2
820526	FED. INDEP. TRAB. DEL CRÉDITO (FITC)	2
820588	SIND. ESPAÑOL MAQUIN. Y AYD. FERROV. (SEMAF)	2
821778	SINDICATOS DE LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (SAP)	2
20	CONFEDER. DE TRABALL. INDEPEND. (CTI)	1
100	OUTROS	1
820564	SINDICATO DE ATS DE ESPAÑA (SATSE)	1
821548	SINDICATO INDEPENDIENTE DE ENERGÍA (SIE)	1
821605	UNIÓN TELEFÓNICA SINDICAL (UTS.)	1
821623	SINDICATO DE CIRCULACIÓN FERROVIARIA (SCF)	1
821749	UNIÓN NAC. DE FUNC. DE GESTIÓN DE HACIENDA (GESTHA)	1
821773	SINDICATO DE TRABAJADORES DE COMUNICACIONES (STC)	1
30000	TECNICOS Y PROFESIONALES DE LA ENERGÍA (ATYPE-CC)	1
821320	CONFEDER.SIND.INDEPEND.CAJAS DE AHORRO (CSICA)	1
Totais		2008

Pontevedra

Código	Organizacións	Nº de representantes
2	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	2355
14	UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)	2023
11	COMISIÓNS OBREIRAS (CC.OO)	2012
15	UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)	107
820504	FEDER. DE TRAB. INDEP. COMERCIO (FETICO)	101
99	NON SINDICADOS (NON SIND.)	79
1	CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO (CGT)	40
100	OUTROS	38
4	CENTRAL SINDICAL INDEP. E DE FUNCION. (CSI-CSIF)	34
820498	FEDER. DE SIND. INDEP. ENSEÑANZA (FSIE)	33
720290	CENTRAL UNITARIA DE TRABAJADORES (CUT)	28
720218	SIND. INDEPEND. DE TRABAJADORES-FSI (SIT.-FSI)	24
39	FEDER. DE ASOC. SINDIC. GRAND. ALMACENES (FASGA)	15
98	GRUPO DE TRABALLADORES	12
821041	CONVERGENCIA ESTATAL DE MÉDICOS Y ATS (CEMSATSE)	11
3	CONFEDERACIÓN DE CADROS (CC)	7
821575	SINDICATO LIBRE MARINA MERCANTE (SLMM)	7
820526	FED. INDEP. TRAB. DEL CRÉDITO (FITC)	6
821101	SINDICATO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA (SAE)	6
20	CONFEDER. DE TRAB. INDEPEND. (CTI)	6
720295	SIND. INDEP. DE TRAB. DE AUTOP. E AUTOEST. (SITA)	5
821114	SIND. EMPLEADOS C. AHORROS Y PENS. BARC. (SECPB)	4
50057	SIND. DE TRAB. DO ENSINO DE GALICIA (STEs-STEG)	4
821106	SINDICATO INDEPENDIENTE ENSEÑANZA (ANPE)	3
720220	SINDICATO INDEPENDIENTE DE GKN-VIGO (SI-FSI)	3
821749	UNIÓN NAC. DE FUNC. DE GESTIÓN DE HACIENDA (GESTHA)	3
821320	CONF. SIND. INDEP. CAJAS DE AHORROS (CSICA)	3
720292	UNIÓN DE OTROS SINDICALISTAS (UNOS)	2
821777	FEDERACION DE TRABAJADORES Y TÉCNICOS (AMI)	2
110	VARIOS (VARIOS)	1
30003	ASOC. TECN. E PROFE. BANCO EXT. ESPAÑA (ATEXBANK)	1
390014	SINDICATO PROFESIONAL DE SEGUROS (SPS)	1
820588	SIND. ESPAÑOL MAQUIN. Y AYD. FERROV. (SEMAF)	1
821308	SINDICATO PROFESIONAL LIBRE E INDEP. (APLI)	1
821752	SINDICATO INDEP. DE EMPLEADOS DE "GENERALI ESPAÑA"	1
Totais		6979

Comunidade Autónoma de Galicia

Código	Organizacións	Nº de representantes
14	UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)	5866
11	COMISIÓNS OBREIRAS (CC.OO)	5348
2	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	4947
15	UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)	396
820504	FEDER. DE TRAB. INDEP. COMERCIO (FETICO)	292
98	GRUPO DE TRABALLADORES	288
4	CENTRAL SINDICAL INDEP. E DE FUNCION. (CSI-CSIF)	266
820498	FEDER. DE SIND. INDEP. ENSEÑANZA (FSIE)	112
720293	UNIÓN SINDICAL DE TRABALLADORES DE GALICIA (USTG)	96
99	NON SINDICADOS (NON SIND.)	80
720290	CENTRAL UNITARIA DE TRABAJADORES (CUT)	76
1	CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO (CGT)	62
39	FEDER. DE ASOC. SINDIC. GRAN ALMACENES (FASGA)	60
100	OUTROS	50
821041	CONVERGENCIA ESTATAL DE MÉDICOS Y ATS (CEMSATSE)	44
821101	SINDICATO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA (SAE)	26
720218	SIND. INDEPEND. DE TRABAJADORES-FSI (SIT-FSI)	24
821106	SINDICATO INDEPENDIENTE ENSEÑANZA (ANPE)	17
20	CONFEDER. DE TRAB. INDEPEND. (CTI)	15
821320	CONF. DE S. INDEP. DE CAJAS DE AHORROS (CSICA)	15
3	CONFEDERACIÓN DE CUADROS (CC)	14
50057	SIND. DE TRAB. DO ENSINO DE GALICIA (STEs-STEG)	14
820526	FED. INDEP. DE TRAB. DO CRÉDITO (FITC)	13
720295	SIND. INDEP. DE TRAB. DE AUTOP. E AUTOEST. (SITA)	9
821749	UNIÓN NAC. DE FUNC. DE GESTIÓN DE HACIENDA (GESTHA)	8
821778	SINDICATOS DE LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (SAP)	8
821575	SINDICATO LIBRE MARINA MERCANTE (SLMM)	7
820588	SIND. ESPAÑOL MAQUIN. Y AYD. FERROV. (SEMAF)	6
821114	SIND. EMPLEADOS C. AHORROS Y PENS. BARC. (SECPB)	4
821605	UNIÓN TELEFÓNICA SINDICAL (UTS)	4
821773	SINDICATO DE TRABAJADORES DE COMUNICACIONES (STC)	4
720220	SIND. INDEP. DE GKN-VIGO (SI-FSI)	3
820564	SIND. DE A.T.S. DE ESPAÑA (SATSE)	3
7725	SINDICATO FERROVIARIO	3
390014	SINDICATO PROFESIONAL DE SEGUROS (SPS)	3
720298	UNIÓN SINDICAL DE DISTRITOS FORESTALS (USDF)	3
821308	ASOC. PROF. LIBRE E INDEP. RTV (APLI)	3

(continúa)



Comunidade Autónoma de Galicia (continuación)


Código	Organizacións	Nº de representantes
820617	S.TRIPULANT.DE CABINA DE PASAJ. LÍNEAS AÉR. (SITCPLA)	3
821777	FEDERACION DE TRABAJADORES Y TÉCNICOS (AMI)	2
720286	ASOCIACIÓN PROFESIONAL PERSOAL C. DE FERROL (APPCF)	2
720292	UNIÓN DE OTROS SINDICALISTAS (UNOS)	2
720296	GRUPO INDEPENDIENTE DE FUNCIONARIOS (GIF)	2
720297	ASOCIACIÓN P. DE POLICÍA LOCAL DE ARTEIXO (APPLA)	2
820445	CONFEDERACIÓN ESTATAL DE SINDICATOS MÉDICOS (CESM)	2
821623	SINDICATO DE CIRCULACIÓN FERROVIARIA (SCF)	2
821752	SINDICATO INDEP. DE EMPLEADOS DE "GENERALI ESPAÑA"	2
30006	ASOC. CUADROS GRUPO CAJA MADRID (ACCAM)	1
820555	SIND. AUTON. TRAB. BANCO DE ESPAÑA (SATBE)	1
110	VARIOS (VARIOS)	1
88	NON CONSTA	1
30003	ASOC. TECN. E PROFE. BANCO EXT. ESPAÑA (ATEXBANK)	1
700489	SINDICATO INDEPENDIENTE FERROVIARIO (SIF)	1
720284	COORDINADORA DEMOCRÁTICA INDP. DE LAB. (CDIL)	1
820189	ASOC. SIND. ESP. TÉCNICOS MANT. AERONÁUTICA (ASETMA)	1
821113	COORD. ESTATAL DE TRAB. DO MAR (CTM)	1
821548	SINDICATO INDEPENDIENTE DE LA ENERGÍA (SIE)	1
821706	FED. SINDI. AERONÁUT. INDEPEND. (FSAI)	1
821750	SIND. TRAB. EMPRESA DE COMUNICACIÓN (SITEC)	1
821792	SINDICATO DE BOMBEIROS DE AEROPORTOS (SBA)	1
30000	TÉCNICOS Y PROFESIONALES DE LA ENERGÍA (ATYPE-CC)	1
Totais		18222

B9- Representantes elixidos por provincias, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006

A Coruña


SINDICATOS	Nº	%
UXT	2.483	34,67
CC.OO	2.085	29,12
CIG	1.785	24,93
OUTROS	808	11,28
TOTAL	7.161	

GE7- Distribución provincial dos representantes elixidos




Lugo

SINDICATOS	Nº	%
CC.OO	705	33,99
UXT	693	33,41
CIG	371	17,89
OUTROS	305	14,71
TOTAL	2.074	




Ourense

SINDICATOS	Nº	%
UXT	667	33,22
CC.OO	546	27,19
CIG	436	21,71
OUTROS	359	17,88
TOTAL	2.008	



Pontevedra


SINDICATOS	Nº	%
CIG	2355	33,74
UXT	2.023	28,99
CC.OO	2.012	28,83
OUTROS	589	8,44
TOTAL	6.979	




B10- Resultados das centrais sindicais máis representativas, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006.

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL	%
CC.OO.	2085	705	546	2012	5348	29,35
CIG	1785	371	436	2355	4947	27,15
UXT	2483	693	667	2023	5866	32,19
Outros	808	305	359	589	2061	11,31
TOTAL	7161	2074	2008	6979	18222	100,00

GE8- Distribución dos representantes elixidos en Galicia




GE9- Resultados electorais provinciais acadados polos sindicatos máis representativos ata o 31 de decembro de 2006



B11- Distribución provincial dos representantes elixidos segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006, sobre o total de representantes con mandato nese período

Provincia	Representantes elixidos	Porcentaxe de representantes elixidos sobre o total
A Coruña	7.161	39,30%
Lugo	2.074	11,38%
Ourense	2.008	11,02%
Pontevedra	6.979	38,30%
Totais	18.222	100,00%

GE10- Distribución da representatividade a nivel provincial







B12- Comparativa, a nivel provincial, dos representantes elixidos entre o período actual (01.01.03 ao 31.12.06) e o período anterior (01.01.02 ao 31.12.05)

PROVINCIA	CENTRAIS SINDICAIS								TOTAIS POR PROVINCIAS	
	CC.OO		U.G.T.		C.I.G.		OUTROS		PA	PRM
	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM		
A Coruña	2085	2.264	2483	2.598	1785	1.877	808	833	7.161	7.572
Lugo	705	693	693	707	371	353	305	326	2.074	2.079
Ourense	546	557	667	669	436	431	359	337	2.008	1.994
Pontevedra	2012	2.096	2023	1.947	2355	2.222	589	603	6.979	6.868
Totais	5348	5.610	5866	5.921	4947	4.883	2.061	2.099	18.222	18.513

PA: Datos do período actual
(do 01-01-03 ao 31-12-06)

PRM: Datos referidos ao período electoral anterior
(do 01.01.02 ao 31.12.05)

GE11- Comparativa de representantes elixidos, entre o período actual (01.01.03 ao 31.12.06) e o período anterior (01.01.02 ao 31.12.05), nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia





B13- Distribución provincial da participación electoral, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006

PROVINCIA	Traballadores afectados (electores)		Traballadores participantes (votantes)		Porcentaxe de participación por provincias
	Nº	% (1)	Nº	% (2)	
A Coruña	156.461	40,26	100.566	36,29	64,28
Lugo	43.354	11,15	33.523	12,01	77,32
Ourense	40.531	10,43	30.711	11,08	75,77
Pontevedra	148.319	38,16	112.298	40,53	75,71
Totais	388.665	100,00	277.098	100,00	71,29

(1) Porcentaxe de traballadores afectados en relación co total


(2) Porcentaxe de traballadores participantes en relación co total

GE12- Participación electoral, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006**GE13- Distribución da participación por provincias en %**


B14- Distribución provincial dos electores, votantes e participación electoral desagregada por sexo, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006.

	ELECTORES			VOTANTES			PARTICIPACIÓN ELECTORAL		
	Mulleres	Varóns	Total	Mulleres	Varóns	Total	Mulleres	Varóns	Total
A Coruña	67938	88523	156461	41708	58858	100566	61,39	66,49	64,28
Lugo	10170	33184	43354	7930	25593	33523	77,97	77,12	77,32
Ourense	10288	30243	40531	7641	23070	30711	74,27	76,28	75,77
Pontevedra	55295	93024	148319	40117	72181	112298	72,55	77,59	75,71
Total	143691	244974	388665	97396	179702	277098	67,78	73,36	71,29


GE14- Electores segundo sexo y provincia



GE15- Votantes segundo sexo e provincia



GE16- Distribución da participación electoral segundo sexo e provincia





C.
Folgas e
peches
patronais

Folgas e peches patronais

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística e a de obter información sobre os expedientes tramitados en materia de folgas e peches patronais, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o ano 2006.

As principais disposicións legais sobre esta materia recóllense na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo (BOE 9.03.77).

Sentencia do Tribunal Constitucional 11/1981, do 8 de abril de 1981, pola que se declaran inconstitucionais algúns artigos do Real decreto lei 17/1977, en materia de folgas e conflitos colectivos (BOE 29. 04.81).

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 29.03.95).

Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (BOE 11.04.95).

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

3) Autonómica

Decreto 155/1988, do 9 de xuño, polo que se ditan normas para garantir a prestación dos servizos esenciais no ámbito da comunidade autónoma (DOG 20.06.88).

As fontes de información son os cuestionarios estatísticos que se cobren por cada comunicación de folga ou peche patronal.

As delegacións provinciais da Consellería de Traballo achéganlle, mensualmente, á Dirección Xeral de Relacións Laborais información relativa ás folgas e peches patronais do seu respectivo ámbito territorial. Cando a folga afecta máis dunha provincia, as delegacións provinciais proporcionanlle a esta dirección xeral a información correspondente das provincias afectadas, co cuestionario estatístico debidamente cuberto.

Os datos anuais preséntanse regularizados, é dicir, cóntase unha soa vez o número de folgas, os cadros de persoal das empresas e os traballadores afectados, co fin de eliminar aquelas folgas que, iniciadas nun mes dado, continuaron nos meses sucesivos.

Enténdese por folgas realizadas no ano, tanto as iniciadas ao longo do dito ano, como as que comezaron nalgún mes do ano anterior e que continuaron abertas ao longo daquel.

Enténdese por centros de traballo convocados e os seus correspondentes cadros de persoal os potencialmente afectados no momento da convocatoria e, polo tanto, constitúen o máximo de centros/traballadores que pasarían á situación de folga se esta tivese unha aceptación total.

Enténdese por centros de traballo implicados aqueles afectados pola realización da folga dos seus traballadores.

Os traballadores participantes son aqueles traballadores dos centros implicados na folga que participaron suspendendo voluntariamente o seu traballo, xa fose durante o tempo total ou parcial da duración da folga.

O número de xornadas non traballadas obtense, nos conflitos de días completos e con participación constante, multiplicando o número de traballadores participantes polo número de días laborables de

duración do conflito. Noutros casos, nos que a participación non é constante e/ou a interrupción do traballo non afecta a xornada completa –enténdese por xornada completa a xornada laboral normal que realiza un traballador sen ter en conta as horas extraordinarias–, o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número efectivo de participantes en cada un dos días pola parte da xornada non traballada cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Considéranse folgas de ámbito provincial as que afectan só unha provincia. Á hora de contabilizar as folgas provinciais, aténdese ao concepto “folga-provincia”. Trátase dun concepto estatístico que ten por obxecto medir a incidencia ou a repercusión que a folga tivo en cada provincia, só dentro do seu respectivo ámbito territorial.

Nas folgas de ámbito autonómico, cada convocatoria de folga considérase un só conflito, independentemente do número de provincias ás que afecte. Para a obtención do cómputo de servizos mínimos, tense en conta o número de días de duración da folga pola media diaria dos postos de traballo incluídos nos servizos mínimos.

Quedan excluídas das folgas obxecto de investigación as seguintes:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As que non supoñen unha redución definitiva da xornada e, en concreto, as de duración inferior a unha hora.
- As que se refiren a actividades convencionalmente "non produtivas", como as folgas de estudantes, consumidores, etc.

- As que afectan colectividade sen dereito a folga, como é o caso dos funcionarios militares e das forzas de seguridade do Estado.

A Subdirección Xeral de Traballo realiza, con carácter anual, o tratamento das fichas de comunicacións de folga achegadas ao longo do ano polas delegacións provinciais da Consellería de Traballo, así mesmo efectúa o cómputo das convocatorias de folgas autonómicas e peches patronais

Tamén mensualmente mándase unha copia da cada ficha estatística ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, quen a súa vez da traslado delas á Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais, en onde, previa depuración e tratamento informático, se elabora a estatística nacional.

Variables de estudo

Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, suspendidas e realizadas


Variables de clasificación

Folga/peche patronal, empresa, sector, convocantes, motivación, ámbito territorial, resultado da folga, formas de terminación, días de duración, número de centros de traballo convocados, cadro de persoal, número de traballadores participantes, xornadas non traballadas e servizos mínimos.+Gráficos de evolución, das folgas provinciais suspendidas e realizadas, días de duración, traballadores participantes e xornadas non traballadas, desde o 1 de xaneiro de 2003 ao 31 de decembro de 2006.


C1 - Folgas de ámbito provincial convocadas, suspendidas e realizadas, días de folga, traballadores participantes e xornadas non traballadas. Ano 2006.

Provincia	FOLGAS			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	Convocadas	Suspendidas	Realizadas			
A Coruña	56	28	31	290	7.459	20.997
Lugo	16	9	7	22	476	637
Ourense	2	1	1	1	4	4
Pontevedra	52	34	18	140	23.270	137.027
Totais	126	72	57	453	31.209	158.665

G4- Folgas convocadas, suspendidas e realizadas, segundo o ámbito provincial. Ano 2006



G5 - Distribución porcentual dos traballadores participantes, segundo o ámbito provincial. Ano 2006



C2- Folgas de ámbito provincial, de empresa e de sector, realizadas e non realizadas no ano 2006, con indicación dos centros de traballo convocados, cadro de persoal, traballadores participantes, días de duración, xornadas non traballadas e servizos mínimos.

PROVINCIAIS		Non realizadas	Realizadas	Centros de traballo	Cadro de persoal	Traballadores participantes	Días de duración	Xornadas non traballadas	Servizos mínimos
A Coruña	Empresa	27	28	32	8.367	7.194	283	20.573	2.575
	Sector	1	3	27	265	265	7	424	
Total prov. Coruña		28	31	59	8.632	7.459	290	20.997	2.575
Lugo	Empresa	9	7	8	477	476	22	637	
	Sector								
Total prov. Lugo		9	7	8	477	476	22	637	0
Ourense	Empresa	1	1	1	6	4	1	4	
	Sector								
Total prov. Ourense		1	1	1	6	4	1	4	0
Pontevedra	Empresa	29	17	18	1.876	1.270	134	5.027	
	Sector	5	1	2.500	22.000	22.000	6	132.000	
Total prov. Pontevedra		34	18	2.518	23.876	23.270	140	137.027	0
Totais	Empresa	66	53	59	10.726	8.944	440	26.241	2.575
	Sector	6	4	2.527	22.265	22.265	13	132.424	0
Total provincial		72	57	2.586	32.991	31.209	453	158.665	2.575

C3- Folgas de ámbito provincial desenvolvidas no ano 2006, segundo o motivo ou a causa da convocatoria.

Provincia	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	Total
A Coruña	3	3	4			4				2			1	14					31
Lugo	1		4							1		1							7
Ourense							1												1
Pontevedra	2		4	2			2		3	1	2						1	1	18
TOTAL	6	3	12	2	0	4	3	0	3	4	2	1	1	14	0	0	1	1	57

Conflictos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo

- (11).- Presión pola negativa a negociar un convenio
- (12).- Presión pola negativa a revisar un convenio
- (13).- Presión durante a negociación dun convenio
- (14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente
- (30).- Conflictos relacionados con causas sindicais
- (40).- Conflictos de solidariedade
- (50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social
- (60).- Conflictos por outras causas non laborais

Conflictos non derivados do proceso de negociación colectiva

- (20).- Reconversión industrial
- (21).- Regulación de emprego (exclu. os de reconv. industrial)
- (22).- Organización/sistemas de traballo
- (23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene
- (24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias
- (25).- Incumprimento de acordos ou normas legais
- (26).- Falta de pagamento de salarios
- (27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio
- (28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio
- (29).- Outras causas laborais

C4 - Folgas de ámbito autonómico, de sector e de empresa, convocadas, suspendidas e realizadas no ano 2006, con indicación dos días de folga, traballadores participantes e xornadas non traballadas.


	FOLGAS			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	Convocadas	Suspendidas	Realizadas			
Sector	10	2	8	45	3.275	21.781
Empresa	1		1	17	7	118
Totais	11	2	9	62	3.282	21.899

C5- Folgas de ámbito autonómico desenvolvidas no ano 2006, segundo o motivo ou a causa da convocatoria.

CA	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	Total
Totais			1				5						1	2					9


Conflicto derivado do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo	Conflicto non derivado do proceso de negociación colectiva
(13).- Presión durante a negociación dun convenio	(22).- Organización/sistemas de traballo (28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio (29).- Outras causas laborais

GE17- Folgas provinciais suspendidas e realizadas, días de duración, traballadores participantes e xornadas non traballadas (evolución do ano 2003 ao 2006)




GE17- (Continuación)


días de duración



Traballadores participantes



Xornadas non traballadas





D.
Infraccións e
sancións na
orde social

Infraccións e sancións na orde social

Fontes e notas metodolóxicas

O obxecto de investigación estatística deste apartado é o de obter información sobre as actas de infracción levantadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, e tómase como período de referencia o ano 2006.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal (BOE 2.06.94).

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 29.03.95).

Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (BOE 11.04.95).

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE 10.11.95).

Lei 10/97, do 24 de abril, sobre dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria (BOE 25.04.97).

Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25.10.97).

Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 15.11.97).

Orde do 12 de febreiro de 1998, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, sobre o exercicio das funcións da autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 14.02.98).

Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidadores de cotas da Seguridade Social (BOE 14.05.98).

Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG 30.12.98).

Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social (BOE 31.12.98).

Lei 44/1999, do 29 de novembro, pola que se modifica a Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria (BOE 30.11.99).

Lei 45/1999, de 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores, no marco dunha prestación de servizos transnacional (BOE 30.11.99).

Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 16.02.2000).

Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE 08.08.2000).

Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade (BOE 10.07.2001).

Real decreto 1125/2001, do 19 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro (BOE 31 de outubro de 2001).

Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (BOE do 13 de decembro)

Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais (BOE do 23 de xuño de 2005; CE BOE do 17 de outubro de 2005)

Disposicións legais regulamentarias e cláusulas normativas en materia laboral e de seguridade e hixiene e saúde laboral.

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

3) Normativa autonómica

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 29.1º, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que, neste eido e no ámbito de execución, lle corresponden ao Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

De acordo co anterior, polo Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, transfíreselle á Xunta de Galicia a potestade sancionadora por infraccións na orde social, na actualidade asignada á Consellería de Traballo

Orde do 22 de maio de 1987, pola que se determina o procedemento que se ten que seguir na recadación, en período voluntario e executivo, de multas e sancións (DOG 03.07.87).

Así mesmo, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ditada en uso da competencia exclusiva establecida no artigo 28.7 do

Estatuto de autonomía de Galicia, regula, no seu artigo 139, o réxime de infraccións e sancións en materia de sociedades cooperativas.

O artigo 34.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, segundo redacción dada polo artigo 30 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, permite a atribución regulamentaria da competencia para resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións das entidades ou organismos da consellería a outros órganos distintos do seu titular.

O Decreto 211/2003, do 3 de abril, establece a distribución de competencias entre os órganos da Xunta de Galicia para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa vez, o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, fixa a estrutura orgánica dos seus departamentos.

O Decreto 536/2005, do 6 de outubro, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e encomenda á Dirección Xeral de Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, seguridade e saúde laboral, cooperativas e entidades de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

Tamén lle encomenda ao titular da dirección xeral, no ámbito das competencias da dirección xeral, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos delegados provinciais no seu respectivo ámbito territorial de conformidade co establecido no artigo 6 do citado Decreto 211/2003, do 3 de abril.

En virtude do exposto anteriormente o coñecemento das infraccións nas materias laborais e de prevención de riscos laborais e por obstrución ao labor inspector no ámbito competencial substantivo da Comunidade Autónoma de Galicia corresponde-lle á Consellería de Traballo, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade

Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

A competencia para sancionar por infraccións en materia laboral e obstrución á actividade inspectora corresponderalles:

- a) Aos delegados provinciais da Consellería de Traballo, ata 6.010,12 euros.
- b) Ao director xeral de Relacións Laborais, ata 30.050,61 euros.
- c) Ao conselleiro de Traballo, ata 60.101,21 euros.
- d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Traballo, ata 90.151,82 euros.

2. A competencia para sancionar por infraccións en materia de prevención de riscos laborais corresponderalles:

- a) Aos delegados provinciais da Consellería de Traballo, ata 30.050,61 euros.
- b) Ao director xeral de Relacións Laborais, ata 90.151,82 euros.
- c) Ao conselleiro de Traballo, ata 300.506,05 euros.
- d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Traballo, ata 601.012,10 euros.

3. A competencia para sancionar por infraccións en materia de cooperativas, de conformidade co disposto no artigo 139.5º da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, corresponderalles:

- a) Aos delegados provinciais da Consellería de Traballo, ata 6.010,12 euros, cando a cooperativa figure inscrita nos correspondentes rexistros provinciais.
- b) Ao director xeral de Relacións Laborais, ata 18.030,36 euros.
- c) Ao conselleiro de Traballo, ata 30.050,61 euros.

Para a determinación do órgano competente para a imposición das sancións correspondentes terase

en conta, en cada caso, a contía proposta pola Inspección de Traballo e Seguridade Social a través da acta levantada para o efecto.

Nos supostos de pluralidade de infraccións correspondentes á mesma materia nun único expediente sancionador, será órgano competente para impoñer a sanción pola totalidade das devanditas infraccións o que o sexa para impoñer a de maior contía.

Na suspensión de actividades de empresas de traballo temporal será competente para resolver a conselleira de Traballo, nos supostos de reincidencia da empresa de traballo temporal na comisión de infraccións tipificadas como moi graves, no artigo 18 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, cando o expediente sancionador leve aparelada a proposta de suspensión de actividades, conforme ao previsto no artigo 41.3º da mesma norma.

O Consello da Xunta de Galicia, cando concorran circunstancias de especial gravidade nas infraccións en materia de seguridade e saúde no traballo, poderá acordar a suspensión das actividades laborais por un tempo determinado ou, no caso extremo, o peche do centro de traballo correspondente, sen prexuízo, en todo caso, do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

As resolucións ditadas polos delegados provinciais da Consellería de Traballo poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o director xeral de Relacións Laborais.

As resolucións ditadas polo director xeral de Relacións Laborais poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o conselleiro de Traballo.

4) Convenios

Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Sancións e demais actuacións públicas en materia laboral.

O procedemento sancionador trátase dun procedemento administrativo especial, regulado principalmente na Lei 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.

O procedemento sancionador iníciase en virtude de acta de infracción ou obstrución levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social de oficio, por propia iniciativa, mediante denuncia ou a instancia de persoa interesada.

A competencia sancionadora na orde social, atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia, recae sobre materias de carácter laboral e de seguridade e hixiene e saúde laboral; é dicir, as infraccións previstas nos artigos 94 a 97 do Estatuto dos traballadores; artigos 19, 20 e 25 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal; artigos 139 e seguintes da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e artigos 45 a 48 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e as modificacións, que afectan parcialmente as referidas disposicións, introducidas mediante a Lei 5/2000, do 4 de agosto; Lei 12/2001, do 9 de xullo; Real decreto 1125/2001, do 19 de outubro e o Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, anteriormente citadas.

A tramitación e o control directo da recadación das multas impostas faise nas delegacións provinciais, con independencia do órgano que sexa competente para resolvelas. Fan un reconto das ingresadas no período voluntario e as non ingresadas no dito período remítenas á Consellería de Economía e Facenda, para o inicio da vía executiva. Esta dirección xeral fai un seguimento mensual da situación da recadación.

As delegacións provinciais da Consellería de Traballo achégannos, mensualmente, os datos dos expedientes iniciados e resoltos así como os resultados da recadación de multas. En servizos centrais recóllense igualmente os datos dos expedientes iniciados e resoltos en instancia pola propia Dirección Xeral de Relacións Laborais así como en vía de recurso.

O ámbito territorial ten como extensión a Comunidade Autónoma de Galicia, tendo o máximo nivel de desagregación nas provincias.

O ámbito poboacional comprende aos traballadores e empresas da Comunidade Autónoma de Galicia. As unidades informantes son as delegacións provinciais da Consellería de Traballo e a Subdirección Xeral de Traballo.

Variables de estudo

Expedientes iniciados e resoltos en primeira instancia diante das delegacións provinciais e expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso

Variables de clasificación

Ámbito territorial, materia, tipo de infracción e grao de sanción, órgano competente para resolver e contía das sancións.

Os datos achegados neste capítulo reflicten os resultados do ano 2006, segundo:

